

O Blog está que arde!!

Os clubes de lectura andan traballando xa nos seus libros, e algúns están comezando a escribir as súas cousiñas no Blog do Colexio (<http://condesa.blogaliza.org>).

Temos agora un moi interesante artigo no que se nos explican quen son os seres mitolóxicos máis arraigados na nosa cultura. Mouras, trasnos, Blancaflor, Luciñas, cidades solagadas... todos nos revelan os seus segredos nas anotacións do Blog.

N
o
v
a
s
d
o
c
o
l
e
x
i
o

Exposición

Xa que nos está a chegar a primavera, na Biblioteca quixemos render homaxe a esta estación tan bonita, cunha exposición para adentrarnos no mundo das plantas. Libros sobre flores, árbores, bosques, espazos naturais... para tod@s. Porque coñecendo a natureza de seguro que a imos amar moito máis.

Letras Galegas

Dentro de moi pouco o Equipo de Normalización vai se poñer a traballar coa revista do cole. Tod@s tedes que ser redactor@s do número deste ano. Encrucillados, chistes, poesías, historias, cómics, debuxos, ieroglíficos, sopas de letras, traballos de investigación... todo pode entrar na revista, sempre e cando o fagamos en galego e con moito, moito cariño.

Olimpiada do Saber.

Despois do éxito da edición do ano pasado, volvemos coa olimpiada do saber. Para participar tedes que facer equipos, poñerlle un nome, e estarmos atentos ás pistas que, a partir da próxima semana, irán aparecendo no taboleiro de anuncios da biblioteca. E a facer deporte de cabeza.

A OLIMPIADA DO SABER

Estamos a piques de comezar o campionato da “Olimpiada do saber” entre @s alumn@s de primaria de noso centro. Pedimos a colaboración das familias (pais, nais, irmáns, avós, tíos, veciños...) para resolver as “difíciles” cuestións que imos propoñer para que poidades ser campións.

Recomendacións:

Non apuredes, pensade ben as respostas, aínda que parezan evidentes, non o son tanto e máis val ter 1 punto que ningún.

En que consiste?

Trátase dun concurso no que podes participar formando equipo cun par de compañeiros.

No concurso, grazas a unhas pistas que se colocarán no taboleiro de anuncios da biblioteca, teredes que adiviñar unha palabra agachada.

As **pistas** se irán colocando cada día da semana, unha por día, do luns ao xoves. Podedes contestar o día que queirades, cando esteades ben seguros da resposta.




A **puntuación** seguirá esta norma:

- Se contestade correctamente o **luns**, teredes unha puntuación de 4 puntos.
- Se contestades atinadamente o **martes**, teredes unha puntuación de 3 puntos.
- Se contestades ben o **mércres**, teredes unha puntuación de 2 puntos.
- Se contestades atinadamente o **xoves**, teredes unha puntuación de 1 punto.
- Se **fallades** na resposta teredes 0 puntos, independentemente do día en que entregades a resposta.



¡Que a sorte vos acompañe!

LIBROS DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



ANÍMATE!

LE!